

Obxecto:	Informe sobre a Resposta do Promotor ao Informe sobre o Estudio de Impacto Ambiental e Proxecto Sectorial
Proxecto:	Parque Eólico Castro Valente
Concellos:	A Estrada, Pontecesures e Valga (Pontevedra) e Padrón (Coruña)
Promotor:	Iberdrola Renovables Galicia, S.A
Remitido:	Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais. Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.
Clave:	IN408A 2020/066
Expte.:	03.I.682.2021.002 (Servizo de Arqueoloxía) IA3227/2021 (Servizo de Arquitectura)

O 17.02.2022 ten entrada, no rexistro electrónico da Xunta de Galicia, un escrito do Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, polo que se da traslado da documentación presentada polo promotor en reposta ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de data 17.01.2022, relativo ao Parque Eólico Castro Valente.

ANTECEDENTES E FEITOS

Con data 17.01.2022 a directora xeral de Patrimonio Cultural informa **desfavorablemente** o parque eólico Castro Valente tal e como ven deseñado nos documentos *Estudio de Impacto Ambiental del Proyecto de instalación del Parque Eólico Castro Valente, junio 2021* e *Proyecto de Interés Autonómico Parque Eólico Castro Valente, julio 2021*, dado que o deseño do proxecto non é compatible cos valores de protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia* (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia* (DOG núm. 139 do 18.07.2008)
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia* (DOG núm. 36 do 22.02.2011)
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental* (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia* (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- *Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia* (DOG núm. 20 do 01.02.2021)
- *Decreto 198/2020, de 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade* (DOG núm.242 do 01.12.2020)

A documentación agora achegada contén o documento RESPUESTA AL INFORME EMITIDO POR LA DIRECCIÓN GENERAL DE PATRIMONIO CULTURAL SOBRE EL ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL DEL PARQUE EÓLICO CASTRO VALENTE (EXPEDIENTE IN408A 2020/66), o obxecto do documento é ampliar a información xa presentada en relación coa implantación do Parque Eólico Castro Valente. De acordo co el pódense facer as seguintes consideracións:

- Non se modifica o deseño do parque, manténdose exactamente a mesma localización da infraestrutura eólica.
- A nova documentación non supón modificación algunha en relación as consideracións expresadas no informe do 17.01.2022 que motivaron o informe desfavorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.



INFORME

Á vista do exposto mantense o informe **desfavorable** ao deseño proposto do parque eólico Castro Valente, tal e como se recolle nos documentos *Estudio de Impacto Ambiental del Proyecto de instalación del Parque Eólico Castro Valente, junio 2021*, *Proyecto de Interés Autonómico Parque Eólico Castro Valente, julio 2021* e *Respuesta al Informe emitido por la Dirección Xeral de Patrimonio Cultural sobre el Estudio de Impacto Ambiental do Parque Eólico Castro Valente (Expediente IN408A 2020/66)*. É dicir, para continuar coa súa tramitación é necesario modificar o deseño e implantación do actual proxecto eólico

A directora xeral de Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

